

CORAL POLIFÓNICA DE BETANZOS

A Coral Polifónica de Betanzos fundada en marzo de 1969, ten como fins o cultivo da música polifónica e o desenrolo de actos socio-culturais e tamén benéficos. Para levar a cabo estes fins, a Coral investiga, estimula, patrocina e organiza actividades socio-culturais, especialmente musicais.

Unha actividade importante que se está realizando continuamente, é a de ir polos nosos pobos para contactar cas nosas xentes, principalmente persoas maiores, para buscar e recuperar o enorme repertorio popular que nos deixaron os nosos antepasados o largo de tantos e tantos anos por medio da tradición oral, para que non se olviden e que poidan cantarse e así seguir difundindo o coñecemento da enorme e fértil cultura musical que no pasado tiveron as nosas xentes.

Cada ano, a Coral, organiza, colabora e participa en diversos actos culturais, sociais e benéficos: Con motivo do aniversario do nacemento de Rosalía de Castro (en febreiro), con motivo do aniversario da fundación da Coral (en marzo), o Pregón de Semana Santa e Concerto de Música Sacra, actos con motivo do día das Letras Galegas (en maio), Festas Patronales co Concerto «Cidade de Betanzos» (no que participan as tres Agrupacións musicais de Betanzos: Agrupación Carlos Seijo, Banda de Música e a Coral), e as Misas Solemnes de Santa María e San Roque, Patrono principal de Betanzos, Festa da Virxe dos Remedios, Festa da Virxe do Pilar, patrona da Garda Civil, Festival Santa Cecilia (48 edicións), e Festas de Nadal e Aninovo.

A Coral realiza intercambios culturais con Corales galegas, de outras comunidades españolas e do extranxeiro, organizanse viaxes de interese histórico-cultural, e actos sociais como o entroido, celebración da conmemoración do aniversario, a exaltación e promoción do viño do país de Betanzos, festa da exaltación do pimiento (denominación de orixe), xira fluvial a «Os Caneiros» polo río Mandeo, magosto, Santa Cecilia, Patrona da Música, Nadal, fin de ano...

Resumen das actuacións que se realizaron e das actividades socio-culturais e benéficas que se organizaron no ano 2016

REUNIÓNS:

-Realizáronse 3 Asembleas Xerais Ordinarias:
1: A da Coral en Xaneiro; 2: a de FECOGA

(Federación Coral Galega) en Abril en Silleda e 3: a da Federación Galega de Círculos e Casinos culturais en xuño, en Viveiro.

-7 reunións da Xunta Directiva.

-Reunión da Xunta Directiva da Coral con representantes de GADISA para unha colaboración de GADISA coa Coral

ACTIVIDAD MUSICAL:

A Coral realizou 32 actuacións: 16 Concertos (8 en Betanzos e 8 fora de Betanzos)

16 Misas cantadas: 8 en Betanzos e 8 fora de Betanzos.

Estreáronse dúas cancións: De Ronda e Vive Jesús.

Presentáronse varias cancións populares para ser interpretadas polo público asistente o final de cada Encontro de Corais: Arroz con chícharos, Solamente una vez, ¿Bailaches Carolina?, Yo vendo unos ojos negros, Cun sombreiriño de palla.

Déronse dous compoñentes de alta na Coral e un de baixa.

OUTRAS ACTIVIDADES:

3 Encontros de Corais: En marzo (aniversario): Orfeón Valdeorrés, Coral Alecrín de Brión (Ferrol) e Coral de Betanzos. En novembro (Festival Santa Cecilia): Coral de Melide, Coro Voces del Bierzo e Coral de Betanzos. En decembro (Nadal): Corales de Mera, Carral e Betanzos.

PREGÓN DE SEMANA SANTA, pronunciado por D. Jesús Fernández González, Obispo Auxiliar de la Diócesis de Santiago de Compostela, e Concerto de Música Sacra pola Coral de Betanzos.

Xira a «Os Caneiros».

Presentación do Programa do 48 Festival Santa Cecilia.

2 Exposicións: Unha de CERÁMICA: «Tres patas para un banco», e outra de DEBUXO: «BETANZOS SEGÚN SE MIRE», do artista betanceiro Luis Galán

Concerto de Música e Danza: Grupo «Tango en Galicia»

Concerto de Guitarra e Violín: Eulogio Albalat e Ruslan Asanov.

Concerto de Música Popular: Trovadores de Ares, Rondalla e Coro.

Concerto de Piano e Soprano: «DÚO MARA».

3 Excursións:

-1ª: de 5 días: Peñafiel, Burgo de Osma, Soria, Medinaceli, Almazán, Monasterio de Piedra, Teruel, Albarracín...

-2ª: de 2 días: Salamanca, Toro, Zamora; motivo: Exposición «Edades del Hombre».

-3ª: de un día a Ourense e Celanova.

7 Reunións de confraternidade de compoñentes e familiares, con motivo de: Carnaval, Aniversario da Coral, Día do Socio, Magosto, Santa Cecilia, Nadal, despedida do ano...

Enviáronse cartas informativas os Socios, comunicando: Información do que se tratou na Asemblea Xeral Ordinaria, Composición da Xunta Directiva, Actuacións e actividades musicais, Actividades sociais, Programa dos actos do Aniversario da Coral, Programa dos actos do Festival Santa Cecilia, Felicitación de Nadal, Lotería...

HOMENAXE Á CONSTANCIA: Impúxose a Insignia de Ouro a Enrique Vía Amor, polos 15 anos de permanencia na Coral, e a Insignia de Prata a Ana Belén Veiga Pita, polos 5 anos de permanencia.

Adquiriuse unha cámara fotográfica.

Adquiriuse un novo ordenador.

Instaláronse luces e interruptores para mellorar a iluminación do Local Social.

O artista local Luis Galán obsequiou a Coral con varios debuxos enmarcados que foron presentados na súa Exposición realizada no 48 Festival Santa Cecilia.

Adquiríronse a Luis Galán outros dous debuxos da súa Exposición.

Actuacións e actividades realizadas no ano 2016:

2 de xaneiro. Betanzos. Residencia de Maiores, Irmans García Naveira. **Concerto de Nadal e Aninovo**, para as persoas maiores residentes. Tamén participaron todos os presentes cantando panxoliñas coa Coral.

15 de xaneiro: Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva:

Balace das últimas actividades. Informes varios...

22 de xaneiro. Betanzos. Local Social da Coral. **Asemblea Xeral Ordinaria.**

Faise a lectura da acta Asemblea Xeral Ordinaria anterior pola Vice-Presidenta, Mª del Carmen Álvarez Alonso, por ausencia da Secretaria Mª Pilar González López, que é aprobada por unanimidade. A Presidenta, Lourdes Vázquez Gómez fai un resumo do que é a Coral, en atención os novos compoñentes e informa das ac-

tuacións e actividades realizadas no ano 2015. Presentase balance económico por parte de Mari Carmen Bayo Rodríguez, por ausencia da Tesoreira, Ana Belén Veiga Pita, que tamén é aprobado. Realízanse as votacións para nombrar Presidente, e sale reeleixida, unha vez máis, Lourdes Vázquez Gómez.

2 de febreiro. Betanzos. Local Social da Coral. **CONSTITUCIÓN DA XUNTA DIRECTIVA** da Coral.

A Presidenta Lourdes Vázquez Gómez nombra a Xunta Directiva. Vicepresidenta: Mª del Carmen Álvarez Alonso. Secretario: Fulvio Bordón Frogliá. Tesoreira: Mª del Carmen Bayo Rodríguez.

Vocales: Gloria Julia Ínsua Díaz, Isabel Orgeira Moreira, Carlos Roibás Santalla, Ana Belén Veiga Pita. Director Musical: Manuel López Castro.

Constituída a Xunta Directiva, acordase elixir representante ante o Concello a Lourdes Vázquez Gómez, representante ante a Deputación a Mª del Carmen Álvarez Alonso, representante ante a Xunta de Galicia, FE CO GA, e a Federación Galega de Círculos e Casinos Culturais, a Manuel López Castro.

2 de febreiro. Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral para programar as actividades de carácter xeral para 2016: Actos para a celebración do 47 aniversario, Pregón de Semana Santa e Concerto Sacro, festa do día do Socio. Colaboración co Concello na celebración do día das Letras Galegas, viaxes culturais, xira a «Os Caneiros» participación e colaboración co Concello nas Festas Patronais da Cidade, colaboración coa Cofradía dos Remedios na Novena da Virxe dos Remedios, colaboración ca Garda Civil na Festividade da súa Patrona, a Virxe do Pilar, 48 Festival Santa Cecilia, Festas de Nadal e Ani Novo, Concerto de Nadal no Centro Pai Menni e na Residencia de Maiores... Reunións sociais de confraternidade, no entroido, aniversario, pimentada, chocolatada, magosto, Santa Cecilia, Nadal, despedida de ano...

Acordouse renovar e mellorar o alumbrado eléctrico do Local Social da Coral, adquirir un Ordenador novo, por haberse estropeado o anterior, e comprar tamén unha cámara de fotos.

5 de febreiro. Betanzos. Local Social da Coral. **Reunión social de confraternidade** dos Compoñentes da Coral e familiares para celebrar a tradicional Festa do Entroido.

Commemoración do 47 aniversario da Coral
3 de marzo. Betanzos. Local Social da Coral.
Día do Aniversario da Coral. Reunión dos
Compoñentes da Coral, familiares e acompa-
ñantes para conmemorar 47 aniversario da Cor-
ral. Interpretáronse as cancións do primeiro
Concerto da Coral e terminouse con un peque-
no ágape, aportación dos Compoñentes.

12 de marzo. Betanzos. Aula de Cultura LI-
CEO. **ENCANTRO DE CORAIS.**

CONCERTO CONMEMORATIVO do 47
Aniversario da Coral. Participan: Orfeón Val-
deorrés, Coral Polifónica «ALECRÍN» de Brión,
Ferrol, e Coral Polifónica de Betanzos.

Este Concerto realízase en Intercambio Cul-
tural da Coral de Betanzos co Orfeón Valdeorrés
e a Coral Alecrín de Brión, Ferrol.

13 de marzo. Guiliade. Local Social de Casa
Carlos. **Reunión social de confraternidade** dos
Compoñentes da Coral, familiares e acompañan-
tes, para celebrar o **47 Aniversario da Coral.**

15 de marzo. Betanzos. Sala de Exposicións
do Edificio Liceo. **Inauguración da Exposi-
ción Artesanal de CERÁMICA: «Tres patas
para un banco».** Traballos realizados por **Lau-
ra Delgado Lodeiro,**

**Luisa Ramos Méndez e Fani Sánchez
Barreiro.** Aberta do 15 de marzo o 3 de abril.

19 de marzo. Betanzos. Igrexa de Santiago.
PREGÓN DE SEMANA SANTA, pronuncia-
do por **Monseñor JESÚS FERNÁNDEZ
GONZÁLEZ, Obispo Auxiliar da Diócesis de
Santiago de Compostela.**

Ao Sr. Obispo entregóuselle como recordo, unha
figura de San Roque da Cerámica de Sargadelos.

A continuación do Pregón, a **Coral de Betan-
zos,** interpretou un **Concerto de Música Sacra.**

4 de abril. Silleda. Casa da Cultura. **Asem-
blea Xeral Ordinaria** de FECOGA (Federa-
ción Coral Galega). Participan membros da Xunta
Directiva da Coral de Betanzos.

16 de abril. Betanzos. Local Social da Coral.
FESTA DO DÍA DO SOCIO. **Reunión de
convivencia,** con ágape incluído, para **home-
naxear os Socios,** como mostra de agradece-
mento e cariño pola súa constancia e colabora-
ción. Participaron mais de 100 Compoñentes e
Socios, e sorteóuse un fin de semana para dúas
persoas nunha casa rural.

23 de abril. **Betanzos.** Igrexa de Santo Do-
mingo. Misa cantada pola Coral coa participa-
ción dun Grupo de nenas e nenos do Colexio de
Educación Especial, con motivo da **Festivida-**

de de San Benito Menni, fundador das Ir-
mans Hospitalarias, do Centro Pai Menni de
Betanzos.

23 de abril: Coruña. Salón de Actos do «Sport-
ing Club Casino de A Coruña». 32 Asemblea
Xeral Ordinaria da Federación Galega de Círcu-
los e Casinos Culturais.

Participa o Director Musical da Coral de
Betanzos, como membro da Xunta Directiva da
Federación.

14 de maio. Padrón. Actos con motivo do
«día das Letras Galegas». Praza de Macias.
Concerto Coral.

Participan: Coral de Betanzos, Coral Barca-
rola de Pontecesures, Coral Padronesa e Banda
Municipal de Música de Padrón.

Esta actuación realízase en Intercambio Cul-
tural da Coral de Betanzos e a Coral Padronesa.

18 o 22 de maio: SORIA, TERUEL. Viaxe de
interese histórico e cultural, aproveitando ac-
tuacións da Coral, visitando con guías oficiais,
Peñañiel (Valladolid), Bodega Legaris (de mo-
derna instalación), Burgo de Osma (cidade epis-
copal, con Catedral moi interesante, declarada
conxunto artístico), Soria (visitando a Ermita e
gruta de San Saturio, Patrón de Soria, e outros
monumentos importantes), Medinaceli, Alma-
zán, Monasterio de Piedra (Zaragoza), Albarra-
cín, Teruel (con visita o mausuleo dos Amantes
de Teruel, e outros monumentos de estilo mu-
déjar), Medina del Campo....

O día 18 os compoñentes da Coral interpre-
taron diversas cancións na Bodega Legaris de
Peñañiel.

Este mesmo día interpretaron cancións de
Polifonía Sacra na Catedral de Burgo de Osma.

O día 19 cantaron na Basílica de Medinace-
li, acompañados polo Órgano de tubos.

O día 20 interpretaron varias cancións no
Monasterio de San Juan de Duero en Soria.

E o día 21 cantaron na Catedral de Teruel.

O domingo 22, celebrouse a Misa Domini-
cal en Valcarce, presidida por Manuel López
Castro, director da Coral, e cantada polos com-
poñentes que participaron nesta viaxe.

24 de maio. Betanzos. Gadisa. Reunión de
membros da Xunta Directiva da Coral con re-
presentantes de Gadisa, para unha colaboración
de Gadisa coa Coral de Betanzos.

5 de xuño. Viveiro. XXII Romaría da Federa-
ción Galega de Círculos e Casinos Culturais, or-
ganizada coa colaboración do Casino de Viveiro.
Visita guiada polo «casco vello» de Viveiro.

Misa Solemne na Igrexa de San Francisco. Comida no Casino de Viveiro.

Actuación dun Grupo Musical. Participan membros da Coral de Betanzos.

10 de xuño. Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral.

Valoración das actividades realizadas. Programación de actividades

25 de xuño. Guitiriz, Lugo. Igrexa Parroquial. **Concerto** da Coral Polifónica de Betanzos, con motivo das Festas Patronais de Guitiriz. Esta actuación realízouse por invitación do Concello de Guitiriz.

25 de xuño. Guitiriz, Lugo. Igrexa Parroquial.

Misa Solemne, cantada pola Coral de Betanzos con motivo das Festas Patronais.

2 e 3 de xullo. Zamora, Toro: **Exposición de Las Edades del Hombre: «AQUA».**

Viaxe de interese Histórico-Cultural, para visitar con guías oficiais, as Cidades de Zamora (con visita especial a Catedral) e Toro, e a Exposición de Las Edades del Hombre: «AQUA», na Colexiata de Santa María, e na Igrexa do Santo Sepulcro de Toro.

O día 2 os componentes da Coral, ofreceron un breve Concierto de Música na Catedral de Zamora

O día 3 realízouse unha visita a presa de Aldeadávila (Salamanca) para realizar un paseo fluvial en Catamarán, con guía, polo río Duero, contemplando as Arribes e outras maravillas da natureza.

O día 3, na Igrexa do Convento da Concepción en Villafranca del Bierzo, celebrouse a Misa dominical, presidida por Manuel López Castro, director da Coral, e concelebrada por un Sacerdote Jesuíta.

Foi cantada polos compoñentes da Coral.

16 de xullo. Mugarbos. Festas de Verán. Igrexa de San Xiao. **CERTAMEN DE CORAIS:**

Participan: Coral Casino de Franza, Coral Polifónica Casino Mugarbós, Rondalla Mugarbosa, Coral Polifónica Santa María de Cambre e Coral Polifónica de Betanzos. Organiza o Concello de Mugarbos.

23 de xullo. Melide. **2º Festival de Habaneras: «Camiño de Santiago».**

Participan: Coral Polifónica de Betanzos, Orfeón de Castrillón (Asturias), Coral Polifónica Municipal Atalaia de Laxe e Coral de Melide.

Esta actuación da Coral de Betanzos, realízase en convenio da Deputación de A Coruña coa Coral de Melide.

25 de xullo. Arteixo. Igrexa Parroquial Apóstolo Santiago (a nova). Misa Solemne cantada

pola Coral de Betanzos con motivo das Festas Patronais.

Actuación realizada en convenio coa Deputación de A Coruña e o Concello de Arteixo.

31 de xullo. Betanzos. Xira Fluvial a «**OS CANEIROS**». Romaría popular en lanchas polo río Mandeo, para Compoñentes da Coral, acompañantes, socios, amigos... Música, baile, gastronomía típica..., «queimada»

13 de agosto. Betanzos. Igrexa Conventual de San Francisco. **Concerto «CIDADE DE BETANZOS».**

Participan tres Entidades Musicais de Betanzos: Agrupación «Carlos Seijo», Banda Municipal e Coral Polifónica, con actuación individual de cada Entidade e actuación conxunta da Banda e a Coral.

15 de agosto. Betanzos. Festas Patronais. Festividade de Santa María, Co-Patrona de Betanzos.

Igrexa de Santa María do Azogue. Misa Solemne cantada pola Coral de Betanzos.

16 de agosto. Betanzos. Festas Patronais. **Festividade de San Roque, Patrón principal de Betanzos.**

Igrexa de Santo Domingo. Misa Solemne, cantada pola Coral de Betanzos, e **FUNCIÓN DO VOTO:** Ofrenda de agradecemento dos betanceiros o seu Patrón San Roque.

28 de agosto. Cordeiro, Valga (Pontevedra). Igrexa Parroquial de Santa Comba de Cordeiro. Misa Solemne celebrada por Manuel López Castro, con motivo dos seus 50 anos sacerdotais, e cantada pola Coral de Betanzos e a Coral «Santa Comba» de Cordeiro, das que é o seu director.

Todos os participantes e asistentes reuníronse en un ágape fraterno despois da Misa.

7 de setembro. Betanzos. Igrexa de Nosa Señora do Camiño e Santuario de Nosa Señora dos Remedios.

Misa cantada pola Coral de Betanzos, con motivo do último día da Novena en honor a Virxe dos Remedios.

11 de setembro. Ourense e Celanova. Viaxe de interese histórico cultural para visitar, con guía oficial, a cidade das Burgas, Ourense, e a vila de Celanova.

Na Catedral de Ourense tódolos participantes neste viaxe participaron na Misa dominical, que foi presidida polo Coengo Mestre de Capela da Catedral de Ourense e concelebrada por Manuel López Castro, director da Coral.

A Misa foi cantada polos compoñentes da Coral.

11 de setembro: As Pontes: XIII Romaría

de FE CO GA. Participan uns 500 compoñentes de 22 Corais

Federadas, que interpretaron conxuntamente varias cancións acompañados pola Banda de Música de As Pontes. Tamén participaron compoñentes da Coral de Betanzos.

7 de outono. Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral.

Valoración das actividades realizadas, e programación das actividades do 4º trimestre, especialmente, da programación do 48 Festival Santa Cecilia

12 de outubro. Betanzos. Igrexa de Santo Domingo. Misa Solemne, cantada pola Coral de Betanzos, con motivo da Festividade da Virxe do Pilar, Patrona da Garda Civil.

48 Festival Santa Cecilia

12 de novembro: Betanzos. Local Social da Coral. **Inauguración do 48 Festival Santa Cecilia.**

Presentación do Libro-Programa dos actos do 48 Festival Santa Cecilia.

12 de novembro. Betanzos. Local Social da Coral. Festa Tradicional do Magosto, para compoñentes, familiares, socios, acompañantes, invitados...

13 de novembro: Betanzos. Aula de Cultura Liceo. Espectaculo de Música e Danza de Tango Argentino.

Grupo «TANGO GALICIA».

15 de novembro. Betanzos. Teatro Alfonsetti. Concerto de Música Clásica. Dúo de Guitarra e Violín.

Eulogio Albalat, de Coruña (guitarra), e Ruslan Asanov, de Samarkand, Uzbekistán. (violín)

17 de novembro. Betanzos. Edificio Edificio Liceo. Sala de Exposicións.

Inauguración da **Exposición «Betanzos, según como se mire»**, do deseñador e debuxador betanceiro, (non debuxante), LUIS GALÁN.

«Lomires como lomires, lo que importa es como lo ves.

Y si lo ves como yo lo veo, es mi Betanzos lo que tú ves, aunque lo mires del revés».

A Exposición estivo aberta ó público do 17 ó 30 de novembro. Foi moi visitada e valorada.

18 de novembro. Betanzos. Actuación polas Rúas e Calexas de Betanzos, do Grupo de Música Popular

«Trovadores de Ares (Rondalla e Coro).

18 de novembro. Betanzos. Aula de Cultura Liceo.

Recital de Música Popular polo Grupo «**Trovadores de Ares**» (Música e Coro).

20 de novembro. Betanzos. **Homenaxe a cons-tancia.** Reunión de convivencia dos Compoñentes da Coral e familiares para a entrega da **Insignia de Ouro** os Compoñentes que cumplen 15 anos de permanencia na Coral entrega da **Insignia de Prata** os Compoñentes que cumplen 5 anos.

Este ano, a Insignia de Ouro foille entregada ao Tenor Enrique Vía Amor, e a Insignia de Prata a Soprano Ana Belén Veiga Pita.

22 de novembro. Festividade de Santa Cecilia, Patrona da Música.

Betanzos. Igrexa de Santiago. Misa Solemne, cantada pola Coral Polifónica de Betanzos e aplicada polos compoñentes, socios e colaboradores da Coral falecidos.

26 de novembro. Betanzos. Aula de Cultura Liceo. **CONCERTO. Encontro de Corais.** Participan:

Coral Polifónica de Melide, Agrupación Coral «Voces del Bierzo» (Ponferrada, León) e Coral Polifónica de Betanzos. O Final do Concerto, os Compoñentes das tres Corais e o público asistente, cantaron xuntos dúas cancións: Yo vendo unos ojos negros e ¿Bailaches, Carolina?

27 de novembro. Betanzos. Teatro Alfonsetti. **Clausura do 48 Festival Santa Cecilia.**

CONCERTO DE MÚSICA DE CÁMARA. Dúo Mara. Piano e Voz. Paula Gago (Piano), Esperanza Mara (Soprano). Solistas e Profesoras da Escola de Música do Concello de Valga (Pontevedra).

9 de decembro. Betanzos. Local Social da Coral. Reunión da Xunta Directiva da Coral.

Balance das últimas actividades realizadas e programación das últimas.

Convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria para o 27 de xaneiro de 2017.

17 de decembro. Betanzos. Teatro Alfonsetti. **Encontro de Corais.** Concerto de Nadal. Participan:

Coral Polifónica de Mera. Coral Polifónica «Aires de Carral» e Coral Polifónica de Betanzos.

O final do Concerto, os compoñentes das tres Corais e o público asistente cantaron xuntos dúas panxoliñas: Cun sombreiriño de palla» e «Noite de Paz».

21 de decembro. Betanzos. Centro Pai Meni». Concerto de Nadal, para as nenas e nenos do Colexio de Educación Especial Nosa Señora do Sagrado Corazón das Irmáns Hospitalarias

Tamén participaron as nenas e nenos do Centro, cantando coa Coral varias panxoliñas.



29 de decembro. Betanzos. **Local Social da Coral.** Reunión Social de confraternidade dos Compoñentes da

Coral e familiares para celebrar o Nadal e a despedida de ano.

Intercambios Culturales pendentes con:

- Orfeón Lugués.
- Coral Renfe de Monforte.
- Coral do Liceo de Ourense.
- Coral de Foz
- Coral de Barreiros (Lugo).
- Coral Voces del Bierzo de Ponferrada, León..
- Coral La Salle de Santiago.
- Coral de Mera
- Coral «Aires de Carral»
- Coro Amigos del Bierzo»
- Coral de Maside

«A boa música enaltece a alma e alegre o corazón»

Coral Polifónica de Betanzos

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA

Ao longo do ano 2016 esta asociación realizou as seguintes actividades públicas:

Recital do poeta brasileiro Luciano Maia

O venres 8 de xaneiro tivo lugar na sala Azul do edificio Arquivo un recital poético do brasileiro Luciano Maia, que serviu tamén de presentación do seu novo poemario «Aldea lonxana», editado pola Asociación Cultural Eira Vella e impreso no Brasil por desexo do propio autor. «Aldea lonxana» inclúe «Dez poemas galegos» escritos na ortografía oficial do galego, ademais doutro medio cento de poemas en grafía portuguesa. Luciano Maia (1949), avogado, mestre en literatura, membro da Academia Cearense de Letras e cónsul honorario Romanía en Fortaleza, é autor dunha extensa obra poética que abrangue máis dunha vintena de títulos.

Ofrenda ás vítimas betanceiras de 1936

Un ano máis a Asociación Cultural Eira Vella organizou un acto de lembranza ás vítimas betanceiras da represión franquista de 1936-1939, ao que convidou especialmente aos seus descendentes e familiares.

O acto, que contou con música, lectura de poemas e ofrenda floral, tivo lugar o xoves 14 de abril, aniversario da II República, ás sete da tarde diante da placa que lembra os nomes das

36 vítimas á entrada do Museo das Mariñas, copia da existente no Centro Betanzos de Buenos Aires, e colocada por iniciativa da devandita asociación no ano 2007 ao abeiro da Lei da Memoria histórica.

A Asociación Cultural Eira Vella considera que a cultura debe estar comprometida coa recuperación da memoria, co coñecemento do pasado máis próximo e o esclarecemento da verdade histórica e dende o ano 2007 ven desenvolvendo actos nese sentido e realizando anualmente esta ofrenda aberta a toda a cidadanía.

As letras de Manuel María

Para conmemorar o Día das Letras Galegas adicado a Manuel María, a asociación programou dous actos na sala Azul do Edificio Arquivo. Así, o mércores 25 de maio proxectouse o vídeo «Peregrinaxes», con intervención do escritor Lois Diéguez, guionista do mesmo e vencellado dende a adolescencia ao poeta chairego. E o xoves 26 de maio tivo lugar a conferencia do escritor e crítico Miguel Mato sobre a obra de Manuel María.


Manuel María, quen tivo unha grande relación con Betanzos dende a súa mocidade, plasmada en varios poemas nos que canta á cidade, fora no seu día o «padriño» da A. C. Eira Vella ao participar no primeiro acto realizado por esta asociación en marzo de 1993 arredor doutro poeta tamén moi vencellado a Betanzos como foi Xosé María Díaz Castro.

Presentación de A Xanela nº 41

O sábado 25 de xuño a sala Azul do edificio Arquivo acolleu a presentación do número da Primavera de A Xanela, revista cultural das Mariñas, que acadou o número 41. A cantante Uxía, acompañado polo guitarrista brasileiro Serxio Taunus, foi a encargada da celebración musical, na que cantou varios temas do poeta Manuel María.

A cantante de Mos, renovadora da canción tradicional galega, gravou recentemente «Uxía canta a Manuel María», un disco compacto que recolle o concerto celebrado na casa Museo da Fundación Manuel María o día do 86 cumpreanos do escritor.

A revista A Xanela estivo nesta ocasión dedicada en boa parte ao poeta Manuel María, persoeiro celebrado na edición das Letras Galegas deste ano. Traballos de Alfonso Blanco, Manuel López Foxo, Lois Diéguez, Miguel Mato e Xesús Torres, inciden en diversos as-



pectos da obra e personalidade do poeta chairego. A revista recolle tamén traballos de creación e opinión de varios autores, moitos deles colaboradores habituais da revista que a Asociación Cultural Eira Vella ven editando dende 1996: Gabriela Rodríguez e Xoán Carlos Domínguez (poesía), Víctor Tizón (humor e comic), Xosé M^a Veiga e Juan Sobrino («O noso patrimonio»), Manuel Fiaño (narrativa), Manuel B. Dans (Opinión), Baraxeiro («Música» e «Publicacións»), así como o poeta portugués Eduardo Olímpio e o brasileiro Luciano Maia, e as ilustradoras Sabela Arias e Olaia.

Mostra de cerámica

Do 13 de outubro ao 10 de novembro (aínda que logo se alongou varios días máis) a sala de exposicións Jesús Núñez do edificio Arquivo do Reino foi testemuña da nova mostra de cerámica de Carne Romero, quen baixo o título «Meigas, sabias e mulleres boas» presentou as súas últimas creacións. O día da inauguración Carne Romero e Pérez Porto (ambos ceramistas), así como Candela (filla de Carne), interpretaron e cantaron varias cancións tradicionais galegas.

ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS E DE CONSUMO «LIAFAIL»

A muller, e en concreto a muller rural, é unha garantía para o equilibrio territorial, ó mesmo tempo que o soporte esencial da diversificación das actividades económicas.

A muller rural desenrola a súa vida en varios aspectos ou ámbitos: como traballadora das labouras do campo, como encargada da alimentación y cuidado da familia, como educadora, administradora, artesana, representante de comunidades, etc.

Desde a nosa asociación pretendemos cumprir o obxectivo de formar a estas mulleres á vez que ofrecerlles actividades de ocio, nunha situación de igualdade con respecto ás mulleres que non pertencen ó mundo rural, producíndose así unha continua confraternización entre ambas dúas.

Ó longo do ano 2016 tiveron lugar as seguintes actividades:

Artísticas e culturais :

Pintura al óleo, taller de Cestería, Taller de Labores, Taller de bolillos, Taller de Manualidades, Obradoiro Infantil de Inglés, bailes de salón, Informática(internet).



Ademáis, como tódolos anos, participamos nas tradicionais procesións de Semana Santa.

Visitas culturais :

VIAJE A PORTUGAL (VILANOVA DA CERVEIRA E VALENÇA)

Confraternidade :

comida – Aniversario no mes de febreiro.

comida – Fin de curso no mes de xuño.

Servicios Sociais :

En Decembro, como en anos anteriores, levamos a cabo a Operación Quilo-Litro na que se recolectaron alimentos para doar ás familias máis desfavorecidas do concello.

Varios :

Festa Infantil de Navidad, na que os máis pequenos recibiron a Papá Noel.

Festa Infantil de Antroido, na que os nenos disfrutaron dunha tarde de ledicia.

Degustación postres típicos Carnaval

Festa do Magosto

Lotería. Como tódolos anos puxemos á venda a lotería das «Mulleres Rurais» coa intención de repartir ilusión ás socias.

ESCOLA MUNICIPAL DE FOLCLORE

Dentro de la Escuela Municipal de Folclore (EMuF), se desarrollaron varias actividades a lo largo del curso: grupos de aprendizaje de bailes tradicionales, gaita, percusión (bombo, tamboril, pandeiro, castañolas...), pandereteras-cantareiras y agrupación instrumental.

Desde el mes de octubre del 2015 hasta el mes de junio del 2016 se impartieron clases todos los lunes, miécoles, viernes y sábados de las semanas lectivas, y con un total de 235 matriculas, cuyo reparto fue el que sigue:

Grupos de baile tradicional: 90 asistentes.

Grupos de gaita: 52 asistentes.

Grupos de percusión tradicional: 30 asistentes.

Grupos de pandereteras-cantareiras: 54 asistentes.



Agrupación instrumental: 9 asistentes.

Estas actividades docentes fueron impartidas por 3 profesoras/es. Además de la actividad docente, y como muestra y estímulo para sus miembros, la Escuela durante el año realizó actuaciones y participó en diferentes certámenes, tanto como Escuela, con sus diferentes grupos correspondientes con las actividades que en ella se desarrollan, como a través del Grupo Azogue, y el resumen de lo hecho en estos campos durante lo curso 2015-2016 es el siguiente:

Diciembre 2015

-Día 19: La Escuelala Municipal de Folclore participó no acto institucional, en el que se dió el nombre de: Manuel Rilo Pardo « O vello Rilo» a una aula de la Escuela Municipal de Folclore, dicho acto tuvo lugar a las 12:00 h.

A dicho acto estaban invitados los familiares directos y Xesús Torres Regueiro, finalizó el

acto nuestro profesor de la Escuela, Pedro Lamas, tocando con la gaita del Vello Rilo alguna de sus piezas

-Día 19: Dentro del XXXIII Programa de Festejos navideños y Aninovo, la Escuela Municipal de Folclore participó organizando un breve concierto de «panxoliñas», desarrollado en el atrio de Santo Domingo y en el Belén mecánico del edificio Liceo.

-Día 23: Dentro del XXXIII Programa de Festejos navideños y Aninovo, la Escuela Municipal de Folclore participó en la jornada de convivencia con la Tercera Edad en la Residencia de Ancianos García Hermanos.

Febreiro 2016

-Día 5: Fiesta de carnaval en la EMuF

Marzo 2016

-Día 28: Actuación del grupo Azogue, en la fiesta del barrio de la Magdalena.

Abril 2016





-Día 9: IV Encuentro Gaitero en Betanzos, con un pasarrúas desde el Centro Cultural San Francisco, hasta el aula de Cultura Julio Cuns donde a las 13:00 h tuvo lugar una actuación del alumnado de la EMuF y de Banda de Gaitas e Escola de pandeiratas do Padroado da Cultura do Concello de Narón.

- Día 23: Actuación de distintos grupos de la Escuela y el grupo Azougue con motivo de la fiesta en la honra de San Benito Menni del Centro Padre Menni.

Mayo 2016

